## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

*Orde do 18 de marzo de 2009 que modifica a Orde do 10 de febreiro de 2009 pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2009 ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008 regulado polo Real decreto 801/2005 e polo Decreto 18/2006.*

O Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, constitúe o marco normativo polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

O seu artigo 6 establece que as axudas se atenderán da forma que será establecida mediante ordes anuais da Consellería de Vivenda e Solo.

Así mesmo, a súa disposición transitoria cuarta establece que as axudas derivadas de plans anteriores serán atendidas con cargo á mesma aplicación orzamentaria e dentro do importe máximo, consonte o determinado no citado artigo 6 para as axudas do Plan 2005-2008.

Con data do 10 de febreiro de 2009 aprobouse a orde pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2009 ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008 regulado polo Real decreto 801/2005 e polo Decreto 18/2006.

Co fin de engadir unha nova aplicación orzamentaria e ampliar outra xa regulada, faise necesaria a aprobación desta orde.

*DISPOÑO:*

Artigo único.-Modifícase a Orde do 10 de febreiro de 2009, pola que se determina o importe máximo das axudas que se poderán outorgar no exercicio orzamentario de 2009 ao abeiro do Plan de Vivenda 2005-2008 regulado polo Real decreto 801/2005 e polo Decreto 18/2006, e plans de vivenda anteriores, no seguinte senso:

1. O punto 3 queda redactado co seguinte teor:

«Para adquisición de vivenda protexida e usada e promoción para uso propio por parte de familias e institucións sen ánimo de lucro, a aplicación é a 17.02.451B.780.1, por un importe máximo de 7.000.000 euros.».

2. Engádese un punto 5 co seguinte texto:

«Para a promoción de vivendas protexidas de nova construción destinadas a aluguer e de aloxamentos protexidos e urbanización de solo por parte de organismos autónomos, corresponde a partida orzamentaria 17.02.451B.731.0. As subvencións que se concedan no exercicio 2009 e que impliquen un gasto con cargo ao exercicio 2010 terán o límite de 514.297 euros para a anualidade 2009 e de 104.921,89 euros para a anualidade 2010.»

*Disposición derradeira*

Única.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela,18 de marzo de 2009.

Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*Resolución do 17 de marzo de 2009 pola que se procede á convocatoria para o exercicio 2009, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB).*

Mediante a Resolución do 10 de decembro de 2008 publicouse a redacción das bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB) (DOG nº 244, do 17 de decembro).

As ditas bases prevén que as convocatorias de axudas, que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a elas, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

*RESOLVO:*

Primeiro.-Convócanse en réxime de concorrencia competitiva as axudas das bases reguladoras de axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB), publicadas mediante a Resolución do 10 de decembro de 2008 (DOG nº 244, do 17 de decembro), cuxo prazo de presentación de solicitudes se abrirá o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; e pecharase aos corenta días naturais; no caso de coincidir o inicio ou o remate do prazo en sábado ou día inhábil en Santiago de Compostela o prazo trasladarase ao día hábil seguinte.

Segundo.-Os créditos dispoñibles para a concesión nesta convocatoria ascenden a 300.000 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 02.02-E4/10/03-651700 dos orzamentos do Igape para 2009.

Terceiro.-Á vista do volume das solicitudes presentadas e mediante resolución, o director xeral do Igape poderá modificar e/ou ampliar os créditos

aprobados, do cal se dará a corresponde publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Os requisitos das letras c), e) e l) do artigo 20.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e os requisitos das letras f), h), i), j), k), m) e n) do citado artigo, sinálase respectivamente nas bases reguladoras das axudas para facilitar a análise empresarial das empresas galegas cara ao acceso ao Mercado Alternativo Bolsista (MAB) e nas bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Igape publicadas mediante a Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG 31, do 13 de febreiro).

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

## SERVICIO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

*Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas e subvencións a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento das liñas de actuación e estímulo á formación de mulleres e se procede á súa convocatoria.*

O Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, atribúelle a este órgano as competencias en materia de igualdade de xénero, que serán exercidas a través do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e nos termos sinalados na Constitución española.

A Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establece o compromiso da comunidade autónoma na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade definindo os mecanismos para fomentar o protagonismo das mulleres como parte activa do desenvolvemento da nosa sociedade.

Ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo de carácter administrativo, adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e o Benestar, creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, correspóndelle, entre outras funcións, a de facilitar a formación profesional das mulleres, colaborar coas entidades que polos seus fins contribúan á consecución dos obxectivos establecidos, así como incentivar a súa participación na vida política, económica, cultural, educativa e social e desenvolver actuacións dirixidas a facilitar a súa formación para o emprego.

O ámbito do emprego é un dos que reflicten máis nitidamente a discriminación por razóns de xénero e é, polo tanto, un dos que máis accións positivas precisa das administracións públicas. A capacitación e a formación para o emprego é unha das facetas fundamentais desta intervención que lles permite ás mulleres acceder ao mercado de traballo en mellores condicións competitivas e superar a fenda en formación que aínda existe na nosa sociedade entre mulleres e homes.

A través desta convocatoria ponse en marcha unha acción dirixida a facilitar o acceso en igualdade de condicións das mulleres ao emprego, obxectivo prioritario nas políticas públicas, tal e como recolle a programación comunitaria. As medidas dedicadas á mellora da empregabilidade das mulleres, a combater a segregación horizontal e vertical e a discriminación salarial, e as dedicadas a favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar son piares desta nova programación. Este organismo vén actuando, de xeito ininterrompido, a través de distintos programas na consecución destes obxectivos, sendo un deles a formación para mulleres.

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, dentro dos métodos de xestión previstos nas especificacións das medidas, define nesta convocatoria a realización desta actuación a través das entidades de iniciativa social que de xeito verificable traballan a prol da igualdade de oportunidades para as mulleres, subvencionando o custo das accións formativas que se realicen dentro dos programas de formación definidos de acordo co disposto nesta resolución, así como de accións complementarias de corresponsabilidade no coidado das persoas dependentes das alumnas que faciliten a súa incorporación ao proceso formativo.

Trátase de levar a cabo formación dirixida a facilitar o acceso das mulleres ao mercado de traballo asalariado, a profesionalizar e cualificar traballos tradicionalmente realizados de forma gratuíta por mulleres e que están a saír ao mercado de traballo, nomeadamente recursos de conciliación e a creación do sistema galego de benestar, ao tempo que se contribúe ao fomento da cultura emprendedora dando formación a aquelas que teñen pensado desenvolver unha iniciativa empresarial propia; en consecuencia, debe conter accións encamiñadas á integración plena á actividade laboral, á diversificación profesional, á cualificación complementaria e en novos ámbitos do mercado de traballo.

Tamén queremos incorporar a necesidade de proporcionar formación en dous contornos moi importantes de actuación do Goberno galego como son o acompañamento a vítimas de violencia de xénero e as ferramentas de reequilibrio no uso do tempo entre mulleres e homes.

O procedemento para a concesión de subvencións a través desta resolución seguirá o réxime xeral de concorrencia competitiva, tendo en conta, en todo caso, os principios básicos de publicidade, transparencia e obxectividade; adaptarase en todo o proce-